

O pecio de Benidorm.

A grande enseada de Benidorm acaba, ao leste, nas *Penas de l'Albir*, unha muralla rocosa na que os cantís eran un perigo para os antigos barcos de vela cando había temporal de levante ou vento forte do suroeste.

A falta dunha mellor protección, algúns barcos evitaban navegar con mala mar fronte aos cantís e buscaban refuxio no rincón de Loix, unha pequena cala con fondo e praia de area no extremo norte da enseada. Pero non todos o deron feito: algúns, empurrados polo vento e as ondas, bateron contra as puntas rocosas que forman ao sur as estribacións das *Penas de l'Albir*, e afundiron cos seus cargamentos.

Dentro do proxecto de prospección subacuática da comarca da *Marina Baixa*, promovido por un equipo da Universidade de Alacante e financiado pola *Generalitat* Valenciana e o Ministerio de Cultura, a zona foi prospectada na década de 1990. As observacións confirmaron que se trataba dun punto negro nas antigas rutas mariñas.

O achádego en superficie dos primeiros fragmentos de ánforas, contenedores cerámicos romanos para alimentos como o viño, o aceite ou os mollos de peixe, deu lugar a unha investigación máis polo miúdo.

Malia as dificultades que impón o medio subacuático, a arqueoloxía debe adoptar no fondo do mar unha metodoloxía de traballo non menos minuciosa que a empregada en terra. A instalación de grandes cuadrículas permitirá situar os achádegos nun plano para comprender a forma e distribución do xacemento.

A manga de succión emprégase para retirar o sedimento de area e coios, a fin de valorar a profundidade e as características dos posibles pecios. Despois, o correcto etiquetado das pezas permite documentar sen equívocos a súa posición e relación co resto dos achádegos; por iso antes da súa extracción cada obxecto é fotografado e ubicado.

Os achádegos demostran que, durante séculos, aquí fóronse sucedendo os naufraxios. Algúns fragmentos corresponden a ánforas e aceite de oliva do século III. Unha delas ten o selo coas siglas do fabricante, F.M.F.P, un empresario aceiteiro do territorio de *Corduba*, a capital da provincia romana da Bética, situada no sur da península ibérica.

Outras pezas remiten a momentos máis tardíos, como este prato fabricado en Túnez no século VI, decorado coa imaxe dun santo cristiano. A peza é testemuño do período no que unha extensa zona do sueste da Península Ibérica, así como as Baleares, pertencía ao Imperio Bizantino.

Aarqueoloxía submarina esixe grande preparación, non só de mergullo senón, sobre todo, canto ao emprego de instrumentos de investigación; e o fundamental, un coñecemento profundo dos obxectos arqueolóxicos característicos de cada época. Hai que extraer as pezas con sumo coidado, para que pegadas tan fráxiles como os selos ou as decoracións da cerámica non se perdan nuns minutos, xa que son retratos insustituíbles do pasado.